



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**MIGUEL PIÑEIRO SOUTO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DA LARACHA  
(A CORUÑA).**

**CERTIFICO:**

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación celebrada o 27 de novembro do 2020, adoptouse, o seguinte acordo:

**4.-MOCIÓNS**

**4-G] APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA  
SUSTENTABLE (PACES) .**

De acordo ao establecido nos artigos 97.3 e 82.3, en relación ao art. 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , Propono ó Pleno da Corporación :

**-EXPOSICIÓN**

A urxencia da inclusión do asunto na Orde do Día, xustifícase do seguinte xeito:  
Ditamina favorablemente pola comisión informativa de asuntos do pleno extraordinaria urxente do pasado 26/11/2020 e tendo en conta que que o pace debe ser aprobado polo pleno da corporación e remitida toda a documentación antes do 30 de novembro.

**- ANTECEDENTES**

O 31.01.2019 o Pleno da corporación do Concello da Laracha aproba a adhesión do Concello da Laracha ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sustentable. No dito Pacto establécese que no prazo de a 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto, se debe presentar un plan de acción (PACE).

A Orde do 5 de maio de 2020 establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedese a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020, Procedemento MT210A ( DOG nº 93 do 14 de maio de 2020). O concello da Laracha solicitou dita axuda e foi concedida por un importe de 9.000 euros, tendo que xustificar á mesma, antes do día 30 de novembro de 2020.

Para a realización do dito Plan resultou adxudicatario a mercantil Sicasoft Solutions S.L. O 23.11.2020 ten entrada no rexistro municipal o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) da Laracha (rex. núm. 202099900001634) redactado polo equipo de Sicasoft Solutions S.L.

A arquitecta técnica municipal, no día de hoxe, 24 de novembro, informou favorablemente o Plan presentado.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do pleno extraordinaria urxente do pasado 26/11/2020 e tendo en conta que que o pace debe ser aprobado polo pleno da corporación. Polo anterior, esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.- Aprobar o PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E ENERXÍA SUSTENTABLE redactado por Sicasoft Solutions S.L presentado con . núm. 202099900001634**

**SEGUNDO.- Rexistrar dito plan no sitio web oficial da oficina do Pacto da Unión Europea**

*Sometido a urxencia da inclusión na orde do día a votación resulta aprobado por unanimidade con dezasete (17) votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).”*

A seguir prodúcense as seguintes intervencións:

- (...)

Finalmente sometese a moción a votación resultando aprobado por **unanimidade con dezasete (17)** votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO:

E para que así conste, aos efectos que conveñan, e coa salvedade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais de 28 de novembro de 1986, estendo a presente co visto e prace do Sr. Presidente, Vº. Pr.

Miguel Piñeiro Souto  
Secretario Xeral

Alcalde-presidente

**DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

